



**ASUNTO:** Trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica

**Nome do plan:** Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia

**Órgano promotor:** Consellería de Economía e Industria

**Código:** 1525/2013

O día 24.04.2013 recibíuse na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental un escrito do director xeral de Industria, Enerxía e Minas no que comunica o inicio da tramitación do *Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia*, e achega o correspondente documento de inicio para que se elabore o documento de referencia.

Posteriormente o día 14.05.2013 recíbese nesta Secretaría Xeral outro oficio do director xeral de Industria, Enerxía e Minas no que informa que, debido a un cambio realizado nas páxinas 52 e 79 do documento de inicio presentado, envía un novo documento que substitúe ao anterior e ábrese un novo período de consultas que remata o 14.06.2013.

Rematado o período de consultas, detectouse un erro material polo que no documento de inicio publicado non se incluíu a información cartográfica (planos).

Unha vez emendado o erro material mencionado, e considerando que:

1. A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, establece e regula o procedemento de avaliación ambiental estratéxica (AAE).
2. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano competente para a tramitación dos procedementos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo indica o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
3. A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, no seu artigo 5.a establece que os plans sectoriais de incidencia supramunicipal deben ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica e, no artigo 7, integra este procedemento no de aprobación do planeamento.
4. O artigo 9.1 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sinala que a amplitude e nivel de detalle do informe de sustentabilidade ambiental determinarase polo órgano ambiental e comunicarse ao órgano promotor mediante un documento de referencia. A elaboración do documento de referencia debe ir precedida dunha consulta ás administracións públicas afectadas e ao público interesado, no entanto esta Secretaría Xeral fai extensivas as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá.
5. O artigo 86.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, que regula o trámite de información pública, faculta ás administracións para establecer outras formas, medios e canles de participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das disposicións e actos administrativos. O artigo 19 da mesma Lei establece tamén que as comunicacións entre os órganos administrativos poderán efectuarse por calquera medio que asegure a constancia da súa recepción.



6. As administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, de conformidade co establecido no artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

ACÓRDASE:

**Someter a consulta pública durante un novo prazo de trinta días naturais** o documento de inicio do *Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia* para que as administracións públicas afectadas, o público interesado e o público en xeral poidan formular as observacións e suxestións que estimen oportunas en relación á amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que debería ter o informe de sustentabilidade ambiental.

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes vías:

- A través do formulario informático habilitado na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (<http://www.cmati.xunta.es/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do endereço electrónico [avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es](mailto:avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.es)
- Mediante fax remitido ao número 981.541.048
- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, situado nas súas dependencias de San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O documento de referencia que se elabore tras o período de consultas farase público no enderezo da internet [http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion\\_ambiental](http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental).

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2013